

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

5036 *Real decreto 366/2010, do 26 de marzo, polo que se incorpora a denominación de calidade diferenciada «Garbanzo de Pedrosillo» no anexo XII do Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación nos anos 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O artigo 69 do Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación no ano 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría, establece no seu parágrafo quinto que no ano 2010 se poderán acoller á axuda prevista no programa nacional para a calidade dos legumes a que se refire a sección 2.^a do capítulo 1 do título VI do devandito real decreto, as denominacións de calidade enumeradas en 31 de marzo de 2010 na parte II do anexo XII do citado real decreto.

O artigo 72 do mesmo real decreto establece no seu terceiro parágrafo que, no ano 2010, toda denominación de calidade diferenciada que desexe ser incluída na parte II do devandito anexo XII deberá solicitarlo á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, no prazo dun mes desde a entrada en vigor do real decreto.

A dita solicitude deberá ir acompañada da información acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos no Real decreto 66/2010, do 29 de outubro, para as denominacións de calidade diferenciada recoñecidas a nivel nacional.

Estes requisitos refírense ao cumprimento do establecido no artigo 22.2 do Regulamento (CE) n.º 1974/2006 da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER).

Á vista da documentación presentada pola Asociación Garbanzo Pedrosillano, acreditativa do cumprimento dos requisitos antes mencionados referentes ao «Garbanzo de Pedrosillo», por resolución do director xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros, do 15 de marzo de 2010, aceptouse a inclusión da mencionada denominación de calidade diferenciada na parte II do anexo XII do Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de marzo de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do anexo XII do Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación no ano 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría.*

O anexo XII do Real decreto 66/2010, do 29 de xaneiro, sobre a aplicación no ano 2010 e 2011 dos pagamentos directos á agricultura e a gandaría, queda modificado do modo seguinte:

Engádesse no terceiro inciso (Outras denominacións de calidade) da parte II do anexo XII, leguminosas e denominacións de calidade do Programa Nacional para a Calidade dos Legumes, previsto na sección 2.^a do capítulo I do título VI, «Garbanzo de Pedrosillo», a continuación de «Alubia Pinta Alavesa».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ELENA ESPINOSA MANGANA